Xogos

[Xogo] Onde está o carozo?

Xógase entre un grupo de rapaces, cun carozo de mazá ou unha mazaroca de millo. Un dos rapaces ten o carozo e outro (o que apanda) pregúntalle:

¿Onde está o carozo?

O primeiro resposta:

Está queimado.

O que apanda volta a preguntar:

¿E quen o queimou?

O primeiro di segundo lle pete:

O máis alto (ou o máis baixo) carballo.

Daquela tira o carozo o máis alto que poida e todos os rapaces botan a correr tratando de poñerse o máis alto (se o carozo "foi queimado" polo máis baixo carballo) ou o máis baixo (se o carozo "foi queimado" polo máis alto carballo). O que apanda trata de coller o carozo o máis axiña que poida e cando o ten, berra:

¡Alto!

Despois tírallo ó que estea máis alto (cando se dixo "o máis alto carballo") ou ó máis baixo (cando se dixo "o máis baixo carballo"). Se consegue darlle, éste pasa a ser o que apanda.

.

[Información de Luis F. Matos Mazorra, residente en Vigo. Este xogo facíase máis que nada nas tardes cando

os rapaces levaban o gando ó monte, en Vilaescura]